



Ana Álvarez Becerra, Concelleira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte MOCIÓN ante o Pleno da Corporación Municipal, en relación coa constitución do Consello Escolar Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei de Consello escolares de Galicia promulgouse xa no ano 1986 co obxectivo de desenvolver o dereito constitucional á participación na programación xeral do ensino.

Nesta lei indícase que a participación debe estenderse ao ámbito municipal polo que establece a obrigatoriedade de constituír os consellos escolares municipais. No Decreto 44/1988, de 11 de febreiro concíbense os consellos escolares municipais como pezas básicas e fundamentais para a eficaz instrumentalización da participación da comunidade escolar.

A comunidade educativa do concello de Ribeira (profesorado, alumnado e ANPAs) leva anos demandando a constitución deste consello escolar sen obter resposta algunha por parte deste goberno municipal.

Polo exposto, o Grupo Municipal do BNG, solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción dos seguintes acordos:

A C O R D O :

- Constituír, á maior brevidade posible, o Consello Escolar Municipal.**

Ribeira, 21 de marzo de 2009

Asdo.: Ana Álvarez Becerra

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA